

CONVENCIÓN SOBRE OS DEREITOS DO NENO

Versión adaptada para nenos e nenas de 9 a 11 anos

1 DEFINIÇÃO DE NENA E NENO

Art. Estes dereitos aplícanse a todos os nenos e todas as nenas dende que nacen ata que cumpren 18 anos.

2 NON DISCRIMINACIÓN!

Os dereitos da Convención son para todos os nenos e nenas sen importar cal sexa o seu sexo, orixe, lingua ou relixión.



3 O INTERESE SUPERIOR DO NENO

Art. Cando unha persoa teña que decidir algunha cousa sobre a vida dun neno, débese considerar en primeiro lugar o que sexa mellor para ela.

RESPONSABILIDADE DOS ESTADOS NO CUMPRIMENTO DOS DEREITOS

Os gobernos e as autoridades deben facer todos os esforzos posibles para que os dereitos recoñecidos nesta Convención se cumpran.

4



6/27 DEREITO A UNHA VIDA DIGNA

Art. Todas as nenas e nenos teñen dereito individual e exclusivo á vida. Todos os nenos e nenas teñen dereito a viviren ben para creceren e desenvolverse correctamente.

DEREITO Á IDENTIDADE

Art. 8 Todas as nenas e nenos teñen dereito a protexer a súa identidade, nacionalidade, o seu nome, o das persoas que queren e ás súas relacións familiares.

DEREITO A UN NOME E UNHA NACIONALIDADE

Art. 12 Todos os nenos e nenas serán inscritos despois do seu nacemento e terán dereito a un nome e unha nacionalidade, a coñeceren as súas nais e os seus pais e a seren coitados por eles.

9/20 PROTECCIÓN ESPECIAL DAS NENAS E NENOS SEPARADOS DOS SEUS PAIS E NAIS

Art. Ningunha nena nin ningún neno debe ser separado da súa nai ou do seu pai, excepto cando sexa polo seu propio ben. Se un neno ou nena está separado da súa familia ten dereito á protección e asistencia das autoridades.

11

TRASLADOS E RETENCIONS ILICITAS

Art. As autoridades teñen o deber de evitar os traslados e as retencións ilegais de nenos e nenas no estranxeiro.

DEREITO A EXPRESAR A SÚA OPINIÓN E A SEREN ESCOITADOS

Art. 12 Todas as nenas e nenos teñen dereito a expresaren libremente a súa opinión en todos os asuntos e a seren escoitados e escoitadas nos asuntos que teñan que ver con eles e elas. Iso significa que teñen dereito a participaren nas diferentes áreas da comunidade ou sociedade.

13 DEREITO Á LIBERDADE DE EXPRESIÓN

Art. 13 Todo os nenos e nenas teñen dereito á liberdade de expresión. Este dereito implica a liberdade de buscar, recibir e difundir información e ideas de todo tipo, sempre que no estean en contra dos dereitos doutras persoas.

14 LIBERDADE DE PENSAMENTO, CONCIENCIA E RELIXIÓN

Art. 14 Todo os nenos e nenas teñen dereito á liberdade de pensamento, de conciencia e de relixión.

15 DEREITO A ASOCIARSE

Art. 15 Todo os nenos e nenas teñen dereito á liberdade de asociación e á liberdade de celebrar reunións pacíficas.

16

DEREITO Á INTIMIDADE

Art. 16 Todos os nenos e nenas teñen dereito a unha vida privada propia. Teñen dereito a que esta privacidade, a súa familia e correspondencia (cartas, sms, correos electrónicos) estean protexidas contra ataques.

17 ACCESO A UNHA INFORMACIÓN ADECUADA

Art. 17 Os nenos e as nenas teñen dereito a accederen a información e material de diversas fontes, que teña por finalidade promover o seu benestar social, espiritual e moral, e a súa saúde física e mental.

PROTECCIÓN EN CASO DE ACOLLIDA OU ADOPCIÓN

Art. 21 En caso de adopción ou acollida, cando se deba tomar unha decisión que teña que ver co neno ou coa nena, considerárase prioritario o seu benestar persoal.

PROTECCIÓN CONTRA MALOS TRATOS

Art. 19/34 As nenas e nenos teñen dereito a estaren protexidos contra calquera forma de prexuízo, abuso ou maltrato, incluídas todas as formas de explotación e abuso sexuais.

23 DEREITOS DAS NENAS E NENOS CON DISCAPACIDADE

Art. 23 Todas as nenas e nenos que teñen algunha discapacidade, física, sensorial ou psíquica, teñen dereito a gozaren das cousas boas da vida coma calquera outro neno ou nena.

24 DEREITO Á SAÚDE E AOS SERVIZOS SANITARIOS

Art. 24 As nenas e nenos teñen dereito a iren ao centro médico cando están enfermos e que lles poidan curar.

30 PROTECCIÓN ÁS MINORÍAS

Art. 30 Os nenos e nenas que pertencen a algunha minoría étnica, relixiosa ou lingüística teñen dereito á súa vida cultural e a practicaren a súa relixión ou a usaren a súa lingua.

31 DEREITO AO XOGO E AO DESCANSO

Art. 31 Todos os nenos e nenas teñen dereito a xogaren e descansaren, e a participaren en actividades recreativas propias da súa idade.

28 DEREITO Á EDUCACIÓN

Art. 28 Os nenos e nenas teñen dereito á educación en igualdade de oportunidades e a que o ensino primario sexa obrigatorio e gratuito para todo o mundo.

38 PROTECCIÓN CONTRA O RECRUTAMENTO DE NENAS E NENOS SOLDADOS

Art. 38 Cando haxa algures un conflito armado, os nenos e nenas teñen dereito a estaren protexidos para non participaren activamente no conflito.

32 PROTECCIÓN CONTRA O TRABALLO PERIGOSO E A EXPLOTACIÓN LABORAL

Art. 32 As nenas, nenos e adolescentes teñen dereito a non seren explotados economicamente. Se traballan, teñen dereito a facelo en condicións que non supoñan perigo para a súa saúde ou para o seu desenvolvemento.

DIFUSIÓN DA CONVENCIÓN

Art. 42 Os gobernos, as institucións e todas as persoas deben dar a coñecer estes dereitos para que se respecten en todo o mundo.